

## ALGUNHAS MOSTRAS DA OBRA DE CASTELAO NAS PUBLICACIONS DO 1º ANTIFRANQUISMO GALEGO

BERNARDO MAIZ VAZQUEZ  
I.N.B. Ferrol

Dividimos esta comunicación en dous apartados, un primeiro adicado a unha curta *analise do antifranquismo galego no interior* (1) e un segundo no que trataremos das *publicacións dese primeiro antifranquismo*.

### 1. Antifranquismo

Os anos inmediatos á malleira do 1936 foron os da *loita armada* ou guerrilla case exclusivamente, pois os escritos, comunicados e/ou publicacións foron ben escasos, cousa propia da clandestinidade e duns combatentes de orixe popular (2), xa que os membros dos "grupos cultos" do republicanismo, socialismo, anarquismo, comunismo e galeguismo de partido ou foran asesiñados, ou andaban no exilio ou se mantiñan nun témero silencio; ata 1944 os *antifranquistas activos* están nos montes e no combate armado, sen adicación á escritura; dende estas datas o *Partido Comunista* asumeu en solitario (3) tanto a mais irtia resistencia como a edición de varias publicacións periódicas ó menos ata 1951, aínda que ata 1954 continuou a loita, como veremos.

Nesta esquemática analise, e ó marxe do contido da comunicación, debemos apuntar que para 1959 o PCE relanzou a súa presenza, e que o silencio do galeguismo estricto rematou ca criazón do *Consello da Mocidade* e os seus fillos (PSG, UPG) no bienio 1963-64; ningún outro grupo fora dos indicados, que sí persoas, entrou a defender as liberdades ata máis tarde. Lamentamos non poder estudar esta segunda etapa (4) na que Castelao como autor, como político e como home, foi usado por todos e para todo, dando pé a unha polémica que coidamos tivo os seus máis tristes ecos no 1975-76, cando certa empresa usou dos seus textos extrapolados para facer propaganda de fábricas de celulosa; no 1984, cando foi o retorno das súas cinzas; e no 1985-86, cando certos políticos coidan

---

(1) Ver a nosa Tese: *A esquerda militante en Galicia (1936-64)*, Zaragoza, 1984. Tamén "Guerrilla" en GEG.

(2) *Ibid.*

(3) E ningún pode afirmar outra cousa sen falsear a historia.

(4) Ver, no seu día, *Galicia na República e no Franquismo*, da nosa autoría, en produción en Edicións Xerais, Vigo.

ser albaceas testamentarios de quen deixou escrito "... ogallá algún día todos los partidos políticos de Galicia sexan galeguistas...", mentres outros dan nunha sacralización de Castelao que Daniel rexeitaría...

## 2. Publicacións

É cativo o número de *publicacións galegas antifranquistas* anteriores á década dos sesenta, loxico nuns resistentes maioritariamente alonxados da expresión escrita; xa indicamos mais atrás que só existía e editaba o P.C. e/ou os seus dependentes. Facemos só relación das publicacións de *ámeto galego*, deixando fora aquelas que, sendo galegas e importantes, saíron no exilio europeo ou americano, aínda que dese xeito a lista sexa ben curta, que nono foron en cambio as obras duns combatentes que acadaron o degrau de ser os mais activos de todos os que loitaron contra do franquismo na década dos coarenta (*DGS dixit*).

-Para o 1946 saíu un "*MUNDO OBRERO*", Editado por el Comité de Galicia del Partido Comunista de España e que no seu número de Abril do ano indicado di: "...celebramos que personaje como el Señor Rodriguez Castelao, honesto en su trayectoria personal y política, contribuya a fortalecer al legítimo gobierno republicano", en referencia, pois, á entrada en Marzo de Castelao no goberno Giral. Debemos anotar que neste organo de Prensa atopamos continuas referencias a "la libertad de Galicia", "el derecho de autodeterminación de Cataluña, País Vasco y Galicia" e "Viva Galicia Ceibe" como consigna; tamén indicamos a sección en galego "Pote Galego", na última páxina de todos os números.

-*Opúsculos varios* adicados a temas galegos entre os que debemos pararnos no tit. "Galicia contra el Regimen de Franco, por su autonomía y su libertad" de fins do 1946 e que é unha edición, en Galicia e a ciclostil, dun articulo de Enrique Lister en "Nuestra Bandera" de Sep. 1946. Comparados articulo e opúsculo comprobamos como neste foi colocado como portada un fragmento da lámina "ARENKA" do álbum de Castelao "Milicianos" do 1938.

-Debemos subliñar, por riba de calquer outra publicación, "*EL GUERRILLERO*, Organo del Ejercito Guerrilleiro de Galicia", e que ten como data do primeiro número Decembro do 1946; acadou -sen periodicidade concreta- ó número dacesete con toda seguridade. Os dous primeiros saíron dun prelo clandestino madrileño e os demais foron xa tirados en Galicia (5); no número catro, e noutros sen número de 1947-48, saíron, en reproducións parciais e moi deficientes, os debuxos "POLA LIBERDADE" e "VELLO FEDERAL" (este sen tit.) do citado album, e "¡Arriba os probes do mundo!" no seu anaco superior e sen tit., do album "Galicia Martir" do 1937 (6).

---

(5) En circunstancias de edición que non fai ó caso reproducir.

(6) Eses debuxos entraran na equipaxe dun "correo" chegado a Vigo dende Cuba no 1944.

-E de anotar que en organos de expresión interna da guerrilla como foron "*VIDA GUERRILLERA*" e "*SENDA GUERRILLERA*" usouse dos mesmos dibuxos ase como tamén aparec algunha mostra do album "NOS" do 1931: a lámina 12 co tit. cambreado a "Non van ao portal de Belem, van pagar as Tasas" (7), a lámina 15 co tit. de "Para saír desta miseria hai que acabar con Franco e a súa Falange" (sic), e, cousa que coidamos de nidia importancia ideoloxica e estética, a lámina 44 escribindo ó pé: "ERGUETE E LOITA". Todos estes debuxos, e algún outro que non fai ó caso, amosan grandes eivas técnicas de reprodución.

-Unha vez rematou o período organizado da loita armada temos afirmado (ver notas 1 e 3) que só perviveu como guerrilleiro Francisco Martínez Leira "Pancho": nunha zona duns 25 Km. arredor de Ferrol continuou dando golpes armados e propagandísticos ata que foi "eliminado" pola G. Civil nunha ciada o 31 de Decembro do 1954; editou nese tempo unha folla chamada "*O OBREIRO*" na que reproduz (1953) o papagaio do debuxo "Orador político" cun pé case ilexible pero referido ó Xeneral Franco; o debuxo "Yo represento la voluntad nacional" tirouno en "*O LABREGO*", tamén no 1953 e co pé "O capitalismo esmaga a todos" (destaca o pé con "ESMAJA"), mais só temos visto as planchas.

### 3. A xeito de interpretación

Na Prensa do primeiro antifranquismo galego -que coidamos ter esculcado e peneirado a fondo- o único político galego non comunista que foi loubado foi Castelao, amais da publicación dos debuxos indicados. Están as causas, ó noso entender, na grande popularidade de Castelao e a súa obra na Galicia anterior ó 1936, na súa progresiva e nidia aproximación á esquerda e na relación que Castelao -que nunca foi comunista (8)- mantivo cos comunistas, relación próxima e preferente nos anos da Segunda República en canto foi o Pacto do Frente Popular e a demanda común polo "SI" ó Estatuto, nos anos da Guerra Civil polos comúns obxetivos democráticos e antifascistas, e no exilio en termos que tanto Luis Soto como Santiago Álvarez escribiron. Esa proximidade non se deu co PSOE (antiautonomista, inactivo e inexistente en Galicia dende 1936 ó 1976-77) nin co republicanismo de partido (fora excepcións concretas como Villaverde) nin, tristemente, cos "galeguistas do interior", que se mantiveron correspondencia con Castelao (ver Paz Andrade) estaban eivados na súa intelectualidade. Serva esta comunicación como inicio dun tema aínda hoxe pouco estudado: o xeito da continuidade entre o galeguismo progresista anterior á Guerra Civil e o antifranquismo, cando os sectores máis comprometidos e combativos seguiron "petando na ialma do pobo ata conseguir un estado de opinión revolucionario" e usaron tamén da obra de quen esa frase escribiu.

---

(7) Referencia á exacción constante que era a "Fiscalía de Tasas".

(8) Cousa que, tal como era o militante comunista "clásico", tería eivado a un personaxe tan rico, vario e polifacético.